

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

Modelo MD85PRO01

Programación de Contrabaixo

CURSO 2024-25

1. Índice

1.	Introdución.....	5
2.	Metodoloxía.....	5
3.	Atención á diversidade.....	6
4.	Temas transversais	7
4.1	Educación en valores	7
4.2	Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s)	8
5.	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	8
6.	Secuenciación dos curso	9
6.1	Secuenciación do curso – 1º Grao Elemental.....	9
6.1.1	Obxectivos.....	9
6.1.2	Contidos	9
6.1.3	Avaliación	10
6.1.4	Medidas de recuperación.....	12
6.1.5	Recursos didácticos orientativos	12
6.2	Secuenciación do curso – 2º Grao Elemental.....	14
6.2.1	Obxectivos.....	14
6.2.2	Contidos	14
6.2.3	Avaliación	14
6.2.4	Medidas de recuperación.....	16
6.2.5	Recursos didácticos orientativos	17
6.3	Secuenciación do curso – 3º Grao Elemental.....	18
6.3.1	Obxectivos.....	18
6.3.2	Contidos	18
6.3.3	Avaliación	19
6.3.4	Medidas de recuperación.....	21
6.3.5	Recursos didácticos orientativos	21
6.4	Secuenciación do curso – 4º Grao Elemental.....	22
6.4.1.	Obxectivos.....	22
6.4.2.	Contidos	22
6.4.3.	Avaliación	22
6.4.4.	Medidas de recuperación.....	24
6.4.5.	Recursos didácticos orientativos	25

6.5	Secuenciación do curso – 1º Grao Profesional	26
6.4.6.	Obxectivos.....	26
6.4.7.	Contidos	26
6.5.3	Avaliación	27
6.5.4	Medidas de recuperación.....	29
6.5.5	Recursos didácticos orientativos	29
6.6	Secuenciación do curso – 2º Grao Profesional	31
6.6.1	Obxectivos.....	31
6.6.2	Contidos	31
6.6.3	Avaliación	32
6.6.4	Medidas de recuperación.....	34
6.6.5	Recursos didácticos orientativos	34
6.7	Secuenciación do curso – 3º Grao Profesional	36
6.7.1.	Obxectivos.....	36
6.7.2.	Contidos	36
6.7.3.	Avaliación	37
6.7.4.	Medidas de recuperación.....	39
6.7.5	Recursos didácticos orientativos	39
6.8	Secuenciación do curso – 4º Grao Profesional	40
6.8.1	Obxectivos.....	40
6.8.2	Contidos	41
6.8.3	Avaliación	41
6.8.4	Medidas de recuperación.....	43
6.8.5	Recursos didácticos orientativos	44
6.9	Secuenciación do curso – 5º Grao Profesional	45
6.9.1.	Obxectivos.....	45
6.9.2.	Contidos	46
6.9.3.	Avaliación	46
6.9.4.	Medidas de recuperación.....	48
6.9.5.	Recursos didácticos orientativos	49
6.10	Secuenciación do curso – 6º Grao Profesional.....	50
6.10.1	Obxectivos	50
6.10.2	Contidos.....	51
6.10.3	Avaliación.....	51
6.10.4	Medidas de recuperación	53

6.10.5	Recursos didácticos orientativos.....	54
7.	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....	55
8.	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....	57
9.	ANEXOS.....	57
9.1	Probas de acceso 1º de grao profesional	57
9.1.1.	Contidos.	57
9.1.2.	Criterios de avaliación.....	57
9.1.3.	Criterios de cualificación.....	58
9.1.4.	Obras Orientativas.....	58
9.2	Probas de acceso a outros cursos.....	58
	Probas de Acceso de 2ª a 3ª G.E.....	58
	Contidos 2 GE.....	59
	Contidos 3º GE.....	59
	Proba a 4º. G.E	60
	Contidos 4º GE.....	60
	Criterios de avaliación	61
	Criterios de cualificación.	61
	Probas de Acceso de 2º a 6º G.P.	61
	Criterios de avaliación	61
	Contidos 2º GP.....	62
	Contidos 3º GP.....	62
	Contidos 4º GP.....	63
	Contidos 5º GP.....	63
	Contidos 6º GP.....	63
	Criterios de cualificación.	64
9.3	Criterios para a obtención dos premios fin de grao.	64
9.4	A clase Colectiva	65
	Obxectivos xerais da clase colectiva.....	66
	Contidos xerais da clase colectiva.	67
9.5	Segundo Instrumento	67
	Obxectivos	67
	Contidos.....	68
	Avaliación.....	68

1. **Introdución**

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, e no artigo 48 preceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen. Ditas características veñen ditadas no posterior decreto de 27 de setembro.

A finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

A presente programación dá concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenrolen os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste centro.

2. **Metodoloxía**

A interpretación musical é a meta e, como tal, implica o desenrolo da personalidade e a sensibilidade, xa que a música e moi especialmente o Contrabaixo, e un vehículo de emocións.

O profesor como Titor do alumnado, será guía e conselleiro, sendo este o principal protagonista na construción da súa personalidade artística. Así pois, a programación ha de ser aberta, non rixida, potenciando a adaptación as características e necesidades do alumnado dentro dun marco dunha ensinanza individualizada.

Atendendo o alumnado con necesidades educativas especiais (atención a diversidade) que, no caso de precisar unha adaptación curricular, deberá facérselles cunha programación de actividades específicas encamiñadas a paliar no posible os problemas que poidan xurdir, como poden ser alumnado con déficit ou superdotados intelctualmente, de nacións estranxeiras, deficiencias físicas...

A súa vez o profesor deberá coñecer os coñecementos previos do alumnado para, a partir da cal, desenrolar os Obxectivos e Contidos; isto coñécese como Método Didáctico.

A audición, repetición de exercicios, visualización de Dvd's...dará lugar a un diálogo-debate entre profesor e alumnado co cal poderemos potenciar o respecto, a crítica(a vez que a autocrítica)...desta forma desenrolamos o Método Dialéctico.

Darase especial importancia a interpelación dos diferentes contidos na Contrabaixo e do Contrabaixo relacionada con outras materias, como Linguaxe Musical, a traballar nas Clases Colectivas, e na do Contrabaixo, por exemplo.

Nas clases deberá existir un clima de distensión e relaxación para favorecer as verdadeiras características do alumnado. É importante a súa vez, que exista unha interpelación entre o alumnado; toda esta relación repercutirá posteriormente nunha mellor interpretación en conxunto existindo unha maior complicidade entre eles.

O alumnado deberá realizar os exercicios prácticos que o profesor propoña na clase, o cal é a base do Método Heurístico.

Pais, mais, alumnado e profesorado estarán en estreita relación ao longo do curso académico para asegurar un bo rendemento do alumnado e no seu defecto tomar decisións, en canto a mecanismos de recuperación posibles.

Empregaranse todos os recursos dispoñibles entre aqueles de vangarda como poden ser recursos informáticos e da comunicación (TIC's)

Indicar tamén que o fin último da ensinanza musical, en xeral, é o desenrolo integral da personalidade do alumnado e canto máis na ensinanza do Contrabaixo, a cuxos popularmente se lles achaca a falta dun alto nivel técnico-interpretativo.

A organización do tempo e espazos dispoñibles veñen definidos polas características físicas do edificio, e polos horarios da ensinanza obrigatoria. A xefatura de estudos elaborará o reparto de aulas e espazos do centro conforme crea convinte.

3. Atención á diversidade

No caso do *alumnado superdotado*, haberá que adaptar o programa a eles, cumprindo os mesmos obxectivos ou incluso máis nun tempo máis reducido.

No caso de *alumnado estranxeiro*, farase o posible por non interferir nas súas costumes, (sempre que estas non inflúan de maneira negativa na clase) e adaptarse a linguaxe nos casos nos que o alumnado lle coste entender o castelán ou o galego.

No caso dos *alumnado con algunha deficiencia ou dificultade*, haberá que estudar se é posible tocar o instrumento, dependendo do grao de deficiencia ou dificultade que teña o alumnado, porque hai certos problemas que resultan inviables á hora de tocar un instrumento e hai outras que polo contrario, permiten a práctica do instrumento, adaptando o7 programa ao alumnado para favorecer o progreso deste.

Todos temos dereito á educación musical; é tarefa do profesorado adecuar, na medida do posible, a programación cara o alumnado con certos problemas.

4. Temas transversais

Os temas transversais son un conxunto de contidos de ensinanzas esencialmente actitudinais. Abarcan contidos de varias disciplinas e o seu tratamento De xeito paralelo as ensinanzas, deberán ser amosados ao alumnado, como debe ser abordado dende a complementariedade; deben ser os seguintes:

- Educación ambiental
- Educación para a paz
- Educación para a igualdade de oportunidades entre sexos
- Educación para a saúde
- Educación cívica e moral
- Temas propios da Comunidade Autónoma Galega
- Educación para a convivencia, a paz e a cidadanía
- Educación en e para os dereitos do ser humano.

4.1 Educación en valores

Aparte dos valores universais de respecto e convivencia que afectan aos ámbitos da educación ambiental, da educación para a igualdade, da educación para a paz, da educación para o lecer, da educación do consumidor e da educación moral e cívica, que sempre son traballados nas clases individuais e colectivas, nas aulas traballaremos especialmente para que o alumnado adquiran coñecementos e habilidades para ser capaces de valorar a música desde un punto de vista estético e artístico.

4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

O centro debe contar con algún equipo informático con conexión a Internet a disposición do profesorado e alumnado. Para esta materia a rede é unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos de bibliotecas, lectura de artigos especializados sobre a materia, busca de partituras, arquivos de audio, ou libros especializados, etc. A biblioteca- fonoteca- videoteca do centro convértese no lugar máis adecuado para a obtención de información, deberemos animar e axudar ao alumnado a utilizar este espazo con aproveitamento. É recomendable usar na aula tecnoloxías da información e da comunicación, sempre que contemos con recursos que nolo permitan.

5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

O alumnado de Contrabaixo participarán en todas aquelas actividades de aula que programen os profesorado e que sexan de interese para o correcto proceso de ensinanza-aprendizaxe.

É posible que tamén poidan participar naquelas actividades programadas por outras entidades internas do Centro ou alleas ao mesmo (vicedirección, departamentos do Centro, entidades culturais...) e que poidan axudar o alumnado a amosar as bondades do realizado no Centro.

6. Secuenciación dos curso

6.1 Secuenciación do curso – 1º Grao Elemental

6.1.1 Obxectivos

- Coñecer o instrumento, súas posibilidades, e o seu papel nos distintos estilos de música.
- Coller o instrumento cunha posición relaxada. Balance do corpo.
- Aprender a coller o arco de maneira axeitada e pasalo polas cordas, o papel do brazo dereito e dos dedos, cambio arco, cambios de corda, pizzicato.
- Distribución do arco, iniciación nos golpes de arco: detaché, legato.
- Colocar ben a man esquerda, función do polgar.
- Coñecer e traballar a media e primeira posición.
- Controlar a afinación.
- Introducir conceptos de autocontrol muscular, relaxación e respiración.
- Tocar pequenas pezas con musicalidade, de acordo ao nivel.
- Traballar a lectura a primeira vista.
- A prender a afinar o instrumento con sons de referencia.
- Interpretar en público un repertorio acorde ao nivel.
- Traballar en conxunto, mostrando unha actitude participativa.
- Reforzar neste curso a lectura en clave de Fa.

6.1.2 Contidos

- O instrumento; as súas partes, os elementos que interveñen na produción do son. A afinación das cordas.
- Posición correcta da man dereita. A colocación dos dedos na noz da vara do arco
- Clave de Fa en 4º
- Posición correcta á hora de coller o instrumento.
- Colocación correcta da man esquerda. Función do polgar..
- Produción do son. Cordas ao aire. Diferenza entre talón e punta do arco. Práctica inicial de cambio de corda.
- A media e primeira posición. A escala de Re maior coma contido básico para ampliar as posicións.

- A iniciación na afinación, co referencia ás cordas ao aire.
- A correcta posición do corpo, á respiración durante a execución para evitar tensións nocivas.
- Interpretación dun repertorio de pezas curtas variadas de acordo co nivel inicial.
- Aplicación dos coñecementos de linguaxe musical na lectura a vista das pezas do repertorio.
- O traballo do oído través a afinación conxunta ao unísono co axuda do profesor.
- Participación nas audicións programadas no curso.
- Participar nas actividades colectivas nas que poder traballar o papel do instrumento dentro do grupo, cunha actitude participativa.

6.1.3 Avaliación

Criterios de avaliación

- Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión; este criterio de avaliación pretende constatar a capacidade do alumnado para desenvolverse con certo grao de autonomía de textos musicais do seu nivel.
- Coller axeitadamente o instrumento.
- Coller ben o arco e pasalo recto polas cordas. Coñecer o detaché e legato.
- Colocar correctamente os dedos da man esquerda.
- Coñecer a media e primeira posición.
- Interpretar textos musicais empregando a medida, afinación, articulación e fraseo axeitados ó seu contido.
- Mostrar nas obras capacidade de aprendizaxe progresivo individual.
- Interpretar en público obras representativas do seu nivel no instrumento.
- Participar activamente nas clases colectivas, ensaios co pianista acompañante e audicións programadas.
- Manifestar a capacidade de adaptación ó resto dos instrumentos ou voces (piano acompañante).

Mínimos esixibles

Para superar a materia, o alumnado deberá obter un 5 en todos e cada un dos criterios de avaliación redactados no apartado anterior.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Tendo como máximo expoñente a formación continua e integradora do alumnado, o proceso de avaliación levarase a cabo dos distintos xeitos.

Avaliación inicial: Deberemos ter en conta os coñecementos previos do alumnado para que a aprendizaxe sexa significativa e se guíe por criterios construtivistas.

Avaliación Semanal: Na clase individual, na que se terá en conta o grao de aproveitamento dos coñecementos aprendidos na clase anterior, así como a calidade e máis o tempo empregado no traballo en casa.

Avaliación mensual: Posta en común, dentro do proceso de autoevaluación dos membros do departamento, dos adiantos e dificultades dos decentes co alumnado, o seu interese pola materia e a súa progresiva independencia no seu desenvolvemento, así como o correcto seguimento da programación.

Avaliación Trimestral: Celebración das audicións da avaliación no que se refire a todos os progresos técnicos e musicais do alumnado así como as súas carencias.

Avaliación final do curso: Comprobación e certificación de que o alumnado cumpriu os obxectivos e contidos mínimos da programación do curso no que se atopa.

A avaliación será levada a cabo polo profesor de forma individual a través de:

- ✓ A observación directa e sistemática do traballo semanal na aula.
- ✓ Unha audición trimestral na que se interpretará algunha das pezas traballadas na clase.
- ✓ Caderno de notas persoais do profesor.
- ✓ Asistencia as actividades programadas polo centro. Gravacións e análise crítico das mesmas nas que avaliar positivamente a evolución do alumnado respecto á interpretación.

Criterios de cualificación

A nota será calculada mediante as notas parciais atendendo aos distintos aspectos avaliáveis, e seguindo as seguintes porcentaxes:

Criterios técnicos: 45%

Criterios estéticos: 45%

Criterios actitudinais: 10%

-Trae o Material

- Atención as explicacións
- Actitude correcta na clase

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

É competencia do centro autorizar, con carácter excepcional, a ampliación de matrícula ao curso seguinte do alumnado que, tras a orientación do profesorado, así o solicite, sempre que o informe da totalidade do profesorado do alumnado asegure a súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao que aspire a acceder e sempre que exista praza nas materias do curso seguinte ao que se opte

Os docentes, previamente, farán unha Xunta Avaliadora Extraordinaria para estudar o caso concreto ca coordinación da Xefatura de Estudos.

6.1.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

O igual que ocorre coa metodoloxía, os procedementos que se van a empregar en cada curso, vanse regular con os procedementos expostos ao principio da programación, sendo así unha avaliación na que se fará fincapé nun seguimento sistemático do alumnado dende o primeiro día de curso ata o último, a través de recursos teóricos como a explicación de determinados exercicios e a súa posta en práctica por parte do profesor e posteriormente por parte do alumnado hate conseguir os obxectivos esixidos para cada curso.

Naqueles casos nos que observemos deficiencias, o titor poderá realizar clases de reforzo, asistencia a clases doutros compañeiros de nivel similar, información máis continua cos titores do alumnado

Probas extraordinarias de Xuño

De xeito xeral, o alumnado que non superara a convocatoria ordinaria, terá que interpretar as pezas, estudos... que se lle indicarán no Informe de Avaliación Negativa, que se entregará xunto ao Boletín de Notas e/ou se envía por Centros Net e/ou adxunta ao Boletín de Cualificacións.

6.1.5 Recursos didácticos orientativos

Métodos

J.Robles. Guía técnica de Contrabajo-Grado Elemental (Ed. J. Robles)

Rolland, P.: Young Strings in Action. Boosey & Hawkes.

Suzuki: Suzuki Contrabaixo School. Warner Bros Publ. Inc.

Libros de Repertorio

C.Emery, Bass is Best (Ed. Yorke)

K. Hartley. Double Bass solo (Ed. Oxford University Press)

E. Jolliffe, Four fun pieces for beginner bass (Ed . Recital Music)

I. Grimalt . Baix Contrabaix (Ed Boileu)

J.Marcó. Contrabajo para niños (Ed J.Marcó) .

6.2 Secuenciación do curso – 2º Grao Elemental

6.2.1 Obxectivos

- Colocar o instrumento cunha posición axeitada
- Coller o arco de xeito correcta e pásalo recto polas cordas.
- Traballar as distintas partes do arco, distribución do mesmo.
- Controlar a afinación.
- Colocar correctamente a man esquerda.
- Introducir o concepto de anticipación.
- Tocar pequenas pezas de acordou ao nivel
- Interpretar en público nas audicións aplicando os contidos do curso (respiración, coordinación, posición correcta do corpo e instrumento, afinación) con autocontrol.

6.2.2 Contidos

- Posición correcta de coller o instrumento
- Correcta colocación das mans e do arco entre a diapasón e a ponte.
- Exercicios para a produción do son.
- Introducción ao estudo das novas posicións.
- A afinación precisa coa axuda das cordas ao aire, harmónicos e escalas.
- Colocación axeitada dos dedos 1, 2 e 4 da man esquerda. A perfecta colocación do polgar evitando tensión.
- Independización da man dereita da man esquerda para a anticipación durante a interpretación. Coordinación de ambas mans.
- Interpretación dun repertorio variado de pezas acorde co nivel.
- Participación nas audicións programadas no curso.

6.2.3 Avaliación

Criterios de avaliación

- Coller axeitadamente o instrumento.
- Coller ben o arco e pasalo recto polas cordas. Detaché e legato.
- Colocar correctamente os dedos da man esquerda.
- Coñecer a media, primeira e segunda posicións.
- Interpretar textos musicais empregando a medida, afinación, articulación e fraseo axeitados ó seu contido.

- Mostrar nas obras a capacidade de aprendizaxe progresivo individual.
- Interpretar en público obras representativas do seu nivel no instrumento.
- Participar activamente nas clases colectivas, ensaios co pianista acompañante e audicións programadas.
- Manifestar a capacidade de adaptación ó resto dos instrumentos ou voces (piano acompañante).

Mínimos esixibles

Para superar a materia, o alumnado deberá obter un 5 en todos e cada un dos criterios de avaliación redactados no apartado anterior.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Tendo como máximo expoñente a formación continua e integradora do alumnado, o proceso de avaliación levarase a cabo dos distintos xeitos.

Avaliación inicial: Deberemos ter en conta os coñecementos previos do alumnado para que a aprendizaxe sexa significativa e se guíe por criterios construtivistas.

Avaliación Semanal: Na clase individual, na que se terá en conta o grao de aproveitamento dos coñecementos aprendidos na clase anterior, así como a calidade e máis o tempo empregado no traballo en casa.

Avaliación mensual: Posta en común, dentro do proceso de autoevaluación dos membros do departamento, dos adiantos e dificultades dos decentes co alumnado, o seu interese pola materia e a súa progresiva independencia no seu desenvolvemento, así como o correcto seguimento da programación.

Avaliación Trimestral: Celebración das audicións da avaliación no que se refire a todos os progresos técnicos e musicais do alumnado así como as súas carencias.

Avaliación final do curso: Comprobación e certificación de que o alumnado cumpriu os obxectivos e contidos mínimos da programación do curso no que se atopa.

A avaliación será levada a cabo polo profesor de forma individual a través de:

- ✓ Observación directa e sistemática do traballo semanal na aula.
- ✓ Unha audición trimestral na que se interpretará algunha das pezas traballadas na clase.
- ✓ Caderno de notas persoais do profesor.

- ✓ Asistencia as actividades programadas polo centro. Gravacións e análise crítico das mesmas nas que avaliar positivamente a evolución do alumnado respecto á interpretación.

Criterios de cualificación

A nota será calculada mediante as notas parciais atendendo aos distintos aspectos avaliáveis, e seguindo as seguintes porcentaxes:

Criterios técnicos: 45%

Criterios estéticos: 45%

Criterios actitudinais: 10%

- Trae o Material
- Atención as explicacións
- Actitude correcta na clase

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

É competencia do centro autorizar, con carácter excepcional, a ampliación de matrícula ao curso seguinte do alumnado que, tras a orientación do profesorado, así o solicite, sempre que o informe da totalidade do profesorado do alumnado asegure a súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao que aspire a acceder e sempre que exista praza nas materias do curso seguinte ao que se opte

Os docentes, previamente, farán unha Xunta Avaliadora Extraordinaria para estudar o caso concreto ca coordinación da Xefatura de Estudos.

6.2.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

O igual que ocorre coa metodoloxía, os procedementos que se van a empregar en cada curso, vanse a rexer segundo os procedementos expostos ao principio da programación, sendo así unha avaliación na que se fará fincapé nun seguimento sistemático do alumnado dende o primeiro día de curso ata o último, a través de recursos teóricos como a explicación de determinados exercicios e a súa posta en práctica por parte do profesorado e posteriormente por parte do alumnado ata conseguir os obxectivos esixidos para cada curso.

Naqueles casos nos que observemos deficiencias, o titor poderá realizar clases de reforzo, asistencia a clases doutros compañeiros de nivel similar, información máis continua cos titores do alumnado.

Probas extraordinarias de Xuño

De xeito xeral, o alumnado que non superara a convocatoria ordinaria, terá que interpretar as pezas, estudos... que se lle indicarán no Informe de Avaliación Negativa, que se entregará xunto ao Boletín de Notas e/ou se envía por Centros Net e/ou adxunta ao Boletín de Cualificacións.

6.2.5 Recursos didácticos orientativos

Métodos

J.Robles. Guía técnica de Contrabajo-Grado Elemental (Ed. J. Robles)

Rolland, P.: Young Strings in Action. Boosey & Hawkes

Suzuki: Suzuki Contrabaixo School. Warner Bros Publ. Inc.

Libros de Repertorio

J.Marcó. Villancicos para Contrabajo (Ed J. Marcó)

K.Hartley. Doble Bass solo (Ed. Oxford University Press.)

Obras Clásicas para Contrabajo (Ed Easy Classical Masterworks)

D. Heyes, Bass for Beginnners (Ed Recital Music).

6.3 Secuenciación do curso – 3º Grao Elemental

6.3.1 Obxectivos

- Pasar correctamente o arco, traballar a calidade de son cunha posición corporal correcta co instrumento.
- Controlar a afinación, desenvolver o oído. Aplicar os contidos de linguaxe musical á lectura e interpretación do repertorio de curso, tanto na clase individual coma na execución en grupo.
- Traballar os golpes de arco seguintes: detaché, legato. Martelé, staccato;
- Combinacións de notas soltas e ligadas; patróns rítmicos, traballar todas as zonas do arco
- Adquirir maior calidade sonora a través do estudo e a escoita activa e crítica mellorar a gama sonora e a produción de dinámicas.
- Traballar todas as posicións ata a cuarta; cambios de posición, anticipación da man esquerda; sons harmónicos
- Interpretar en público un repertorio acorde co nivel.

6.3.2 Contidos

- Exercicios para a produción do son. Traballo da fluidez, velocidade na execución, presión e punto de ataque, cambios de corda co arco, variedade dinámica, cunha correcta posición corporal, evitando tensións nocivas.
- A afinación precisa da execución de todo o repertorio e exercicios executados, tanto en clase individual coma colectiva.
- Os golpes de arco seguintes: detaché, legato. Martelé, staccato; combinacións de notas soltas e ligadas; patróns rítmicos, traballar todas as zonas do arco.
- Exercicios de mecanismo e interpretación dun repertorio de pezas variadas acorde co nivel.
- Anticipación e coordinación entre as mans. As posicións ata a cuarta e harmónicos naturais.
- Participación nas audicións de curso.

6.3.3 Avaliación

Criterios de avaliación

- Coller axeitadamente o instrumento e o arco. Tocar co brazo dereito nunha posición relaxada. Detaché, legato e staccato.
- Colocar correctamente os dedos da man esquerda. Anticipación.
- Coñecer o rexistro ata a cuarta posición.
- Interpretar e memorizar textos musicais empregando a medida, afinación, articulación e fraseo axeitados ó seu contido.
- Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresivo individual.
- Interpretar en público obras representativas do seu nivel no instrumento.
- Participar activamente nas clases colectivas, ensaios co pianista acompañante e audicións programadas.
- Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión.
- Manifestar a capacidade de adaptación ó resto dos instrumentos ou voces (piano acompañante).

Mínimos esixibles

Para superar a materia, o alumnado deberá obter un 5 en todos e cada un dos criterios de avaliación redactados no apartado anterior.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Tendo como máximo expoñente a formación continua e integradora do alumnado, o proceso de avaliación levarase a cabo dos distintos xeitos.

Avaliación inicial: Deberemos ter en conta os coñecementos previos do alumnado para que a aprendizaxe sexa significativa e se guíe por criterios construtivistas.

Avaliación Semanal: Na clase individual, na que se terá en conta o grao de aproveitamento dos coñecementos aprendidos na clase anterior, así como a calidade e máis o tempo empregado no traballo en casa.

Avaliación mensual. Posta en común, dentro do proceso de auto avaliación dos membros do departamento, dos adiantos e dificultades dos decentes co alumnado, o seu interese pola materia e a súa progresiva independencia no seu desenvolvemento, así como o correcto seguimento da programación.

Avaliación Trimestral: Celebración das audicións da avaliación no que se refire a todos os progresos técnicos e musicais do alumnado así como as súas carencias.

Avaliación final do curso: Comprobación e certificación de que o alumnado cumpriu os obxectivos e contidos mínimos da programación do curso no que se atopa.

A avaliación será levada a cabo polo profesor de forma individual a través de:

- ✓ Observación directa e sistemática do traballo semanal na aula.
- ✓ Unha audición trimestral na que se interpretará algunha das pezas traballadas na clase.
- ✓ Caderno de notas persoais do profesor.
- ✓ Asistencia as actividades programadas polo centro. Gravacións e análise crítico das mesmas nas que avaliar positivamente a evolución do alumnado respecto á interpretación.

Criterios de cualificación

A nota será calculada mediante as notas parciais atendendo aos distintos aspectos avaliáveis, e seguindo as seguintes porcentaxes:

Criterios técnicos: 45%

Criterios estéticos: 45%

Criterios actitudinais: 10%

- Trae o Material
- Atención as explicacións
- Actitude correcta na clase

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

É competencia do centro autorizar, con carácter excepcional, a ampliación de matrícula ao curso seguinte do alumnado que, tras a orientación do profesorado, así o solicite, sempre que o informe da totalidade do profesorado do alumnado asegure a súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao que aspire a acceder e sempre que exista praza nas materias do curso seguinte ao que se opte

Os docentes, previamente, farán unha Xunta Avaliadora Extraordinaria para estudar o caso concreto ca coordinación da Xefatura de Estudos.

6.3.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

O igual que ocorre coa metodoloxía, os procedementos que se van a empregar en cada curso, vanse a rexer segundo os procedementos expostos ao principio da programación, sendo así unha avaliación na que se fará fincapé nun seguimento sistemático do alumnado dende o primeiro día de curso ata o último, a través de recursos teóricos como a explicación de determinados exercicios e a súa posta en práctica por parte do profesorado e posteriormente por parte do alumnado ata conseguir os obxectivos esixidos para cada curso.

Naqueles casos nos que observemos deficiencias, o/a titor poderá realizar clases de reforzo, asistencia a clases doutros compañeiros de nivel similar, información máis continua cos titores do alumnado

Probas extraordinarias de Xuño

De xeito xeral, o alumnado que non superara a convocatoria ordinaria, terá que interpretar as pezas, estudos... que se lle indicarán no Informe de Avaliación Negativa, que se entregará xunto ao Boletín de Notas e/ou se envía por Centros Net e/ou adxunta ao Boletín de Cualificacións.

6.3.5 Recursos didácticos orientativos

Métodos

E. Nanny. Método para Contrabajo (Ed A. Leduc).

L.Streicher.Scale and Chords Studies (Ed Doblinger)

Libros repertorio

Obras Clásicas para Contrabajo (Ed Easy Classical Masterworks)

T. Osborne : The double bass sings (ed. Piper music)

K.Hartley. Doble Bass solo (Ed. Oxford University Press

G.Vance. Progressive Repertoire vol 3

Obras

S.Lancen. Canción de Cuna para un pequeno hipopótamo (Ed Yorke)

E. Mahle Cecilia's Melodies Book 1 (Ed Recital Music).

6.4 Secuenciación do curso – 4º Grao Elemental

6.4.1. Obxectivos

- Tocar cunha postura relaxada; coñecer a importancia da respiración para a interpretación.
- Traballar as cuestións técnicas da interpretación acorde co nivel do curso: todas as posicións ata a sexta; os cambios de posición e o arco.
- Tocar pequenas pezas e pasaxes orquestrais con musicalidade, de acordo co nivel
- Traballar a lectura a primeira vista e aplicar os coñecementos de linguaxe musical á interpretación do repertorio (fluidez, afinación, métrica, respiración, etc).
- Traballar en conxunto, mostrando unha actitude participativa.
- Participar activamente en audicións e actividades programadas no Centro.

6.4.2. Contidos

- Traballo do autocontrol corporal na interpretación, ton muscular, relaxación e respiración.
- Exercicios de cambios de posición e exercicios para a produción de son.
- Ataques e cambios de arco. Exercicios de mecanismo, anticipación, dobres cordas, control d afinación.
- Interpretación dun repertorio de pequenas pezas e pasaxes orquestrais, acorde co nivel do curso buscando a musicalidade, o fraseo e fluidez, sendo moi respectuoso coas indicacións da partitura. Tanto na execución individual coma de conxunto.
- A lectura sen instrumento como medio para poder aplicar os coñecementos de linguaxe musical á interpretación con precisión rítmica e na afinación.
- Participación nas audicións e actividades programadas no curso, con autocontrol e uso da memoria

6.4.3. Avaliación

Criterios de avaliación

- Avanzar cara ó autocontrol muscular; tocar cunha postura relaxada; coñecer a importancia da respiración para a interpretación.

- Pasar correctamente o arco. Traballar constantemente a calidade do son; autocontrol do mesmo. Coñecer os golpes de arco seguintes: detaché, legato, staccato.
- Traballar todas as posicións ata a sexta inclusive. Cambios de posición de varios tipos. Anticipación da man esquerda. Harmónicos da oitava. Iniciar ó vibrato.
- Controlar a afinación, potenciando o autocontrol da mesma.
- Traballar a lectura a primeira vista. Desenvolver a memoria musical. Improvisar como medio de desenvolver a creatividade e o diálogo.
- Tocar pezas e estudos con musicalidade, de acordo co nivel; desenvolver o concepto de fraseo.
- Interpretar en público un repertorio acorde co nivel.
- Participar activamente nas clases colectivas, ensaios co pianista acompañante e audicións programadas. Traballar en conxunto, mostrando unha actitude participativa.
- Preparar a proba de acceso a grao medio.
- Asistir aos ensaios e concertos da Pequena orquestra así como amosar unha actitude e comportamento correctos.

Mínimos esixibles

Para superar a materia, o alumnado deberá obter un 5 en todos e cada un dos criterios de avaliación redactados no apartado anterior.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Tendo como máximo expoñente a formación continua e integradora do alumnado, o proceso de avaliación levarase a cabo dos distintos xeitos.

Avaliación inicial: Deberemos ter en conta os coñecementos previos do alumnado para que a aprendizaxe sexa significativa e se guíe por criterios construtivistas.

Avaliación Semanal: Na clase individual, na que se terá en conta o grao de aproveitamento dos coñecementos aprendidos na clase anterior, así como a calidade e máis o tempo empregado no traballo en casa.

Avaliación mensual. Posta en común, dentro do proceso de auto avaliación dos membros do departamento, dos adiantos e dificultades dos decentes co alumnado, o seu

interese pola materia e a súa progresiva independencia no seu desenvolvemento, así como o correcto seguimento da programación.

Avaliación Trimestral: Celebración das audicións da avaliación no que se refire a todos os progresos técnicos e musicais do alumnado así como as súas carencias.

Avaliación final do curso: Comprobación e certificación de que o alumnado cumpriu os obxectivos e contidos mínimos da programación do curso no que se atopa.

A avaliación será levada a cabo polo profesor de forma individual a través de:

- ✓ Observación directa e sistemática do traballo semanal na aula.
- ✓ Unha audición trimestral na que se interpretará algunha das pezas traballadas na clase.
- ✓ Caderno de notas persoais do profesor.
- ✓ Asistencia as actividades programadas polo centro. Gravacións e análise crítico das mesmas nas que avaliar positivamente a evolución do alumno respecto á interpretación.

Criterios de cualificación

A nota será calculada mediante as notas parciais atendendo aos distintos aspectos avaliados, e seguindo as seguintes porcentaxes:

Criterios técnicos: 45%

Criterios estéticos: 45%

Criterios actitudinais: 10%

6.4.4. Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

O igual que ocorre coa metodoloxía, os procedementos que se van a empregar en cada curso, vanse a rexer segundo os procedementos expostos ao principio da programación, sendo así unha avaliación na que se fará fincapé nun seguimento sistemático do alumnado dende o primeiro día de curso ata o último, a través de recursos teóricos como a explicación de determinados exercicios e a súa posta en práctica por parte do profesor e posteriormente por parte do alumnado ata conseguir os obxectivos esixidos para cada curso.

Naqueles casos nos que observemos deficiencias, o titor poderá realizar clases de reforzo, asistencia a clases doutros compañeiros de nivel similar, información máis continua cos titores do alumnado.

Probas extraordinarias de Xuño

De xeito xeral, o alumnado que non superara a convocatoria ordinaria, terá que interpretar as pezas, estudos... que se lle indicarán no Informe de Avaliación Negativa, que se entregará xunto ao Boletín de Notas e/ou se envía por Centros Net e/ou adxunta ao Boletín de Cualificacións.

6.4.5. Recursos didácticos orientativos

Métodos

E.Nanny, Método para Contrabajo (Ed A.Leduc)

L. Streicher. My way of playing the Double Bass Vol 1 (Ed Doblinger)

L.Streicher.Scale and Chords Studies (Ed Doblinger)

Libros de Repertorio

G. Vance. Progressive repertorie Vol.3

K.Tumpf . Leichte Spielstücke, Teil II (Ed Musik Leipzig)

Obras

T.Hauta-aho. 3 Dances for Sophie (Ed Recital Music)

J. Merle. Caballero (Ed C.Fischer)

S.Saëns, El Elefante (Ed .Durand)

Pergolesi Tre Giorni (Ed C. Fischer)

F.Gossec. Gavotte (Ed. C. Fischer)

6.5 Secuenciación do curso – 1º Grao Profesional

6.4.6. Obxectivos

- Consolidar o rexistro medio do instrumento
- Continuar o desenvolvemento técnico xeneral, con traballo de escala maiores e menores, cromáticas, arpegios, etc. No rexistro empregando control muscular, relaxación e respiración.
- Controlar constantemente a calidade de son; velocidade, presión e punto de contacto do arco. Traballar as distintas zonas do arco. Continuar o estudo con distintos golpes de arco. Amosar sensibilidade auditiva e estética na afinación no uso das posibilidades sonoras do instrumento.
- Interpretar obras de diversos estilos con acompañamento de piano para aumentar o control da afinación, así como traballar os distintos aspectos musicais involucrados.
- Traballar pasaxes de orquestra, de dificultade acorde co nivel.
- Traballar a lectura a primeira vista. Desenvolver progresivamente a memoria musical.
- Introducir ao alumnado hábitos correctos de estudo. Auto avaliación.
- Tocar en público con control muscular, relaxación e respiración acertados

6.4.7. Contidos

- Estudos para consolidar o rexistro ata a sétima posición (ver repertorio orientativo)
- Escalas e arpejos na tesitura estudada; exercicios de mecanismo (ver repertorio orientativo); exercicios de vibrato; exercicio de cambios de posición; cambios de posicións do mástil ao capotasto e viceversa.
- Traballo do spiccato e saltillo así coma o paso do arco (velocidade, presión e punto de contacto); cambio de arco; golpes de arco na corda
- Iniciación e coñecemento dos distintos estilos musicais, facendo fincapé no barroco; características xerais, ornamentación.

- Traballo de pasaxes orquestrais, con audicións e interpretación con acompañamento mediante gravación.
- Lectura a primeira vista
- Estudo da partitura sen instrumento. Adestramento progresivo da memoria.
- Participación nas audicións e actividades programadas no curso, con autocontrol muscular, relaxación corporal e respiración acertados.
- Interpretación de obras de dificultade acorde co nivel (ver repertorio orientativo)

6.5.3 Avaliación

Criterios de avaliación

- Forma de avaliación continua.
- Cada trimestre o alumnado deberá realizar ao menos, dous estudos ou dos extractos orquestrais e unha obra. A obra correspondente a ese trimestre será interpretada noutra audición, pública ou de aula.
- A non realización dos contidos elementais a través da metodoloxía aplicada polo profesor, será motivo da non superación do curso.
- Queda a criterio do profesor o nivel técnico, musical e interpretativo que debe acadar cada alumnado para superar o curso correspondente.

- Cada trimestre o alumno deberá realizar polo menos, un estudo, dous extractos orquestrais e unha obra. A obra correspondente a ese trimestre será interpretada noutra audición, pública ou de aula.
- A non realización dos contidos elementais a través da metodoloxía aplicada polo profesor, será motivo da non superación do curso.
- Queda a criterio do profesor o nivel técnico, musical e interpretativo que debe acadar o alumnado para superar o curso correspondente.

Mínimos esixibles

O alumnado deberá interpretar como mínimo, e neste nivel, o seguinte repertorio

- ✓ Tres estudos e seis extractos orquestrais que aparecen na lista de material ou outros de dificultade semellante que conteñan os aspectos técnicos e musicais traballados neste nivel.
- ✓ Tres obras con acompañamento de piano das que aparecen na lista de material, unha ten que ser sonata ou concerto (dous movementos), ou outras de dificultade semellante.

A calidade das interpretacións deberá axustarse aos criterios de avaliación establecidos para o grao profesional.

Calquera cambio das obras orientativas debe ser comunicado nas reunións mensuais do Departamento de Corda.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Tendo como máximo expoñente a formación continua e integradora do alumnado, o proceso de avaliación levarase a cabo dos distintos xeitos.

Avaliación inicial: Deberemos ter en conta os coñecementos previos do alumnado para que a aprendizaxe sexa significativa e se guíe por criterios construtivistas.

Avaliación Semanal: Na clase individual, na que se terá en conta o grao de aproveitamento dos coñecementos aprendidos na clase anterior, así como a calidade e máis o tempo empregado no traballo en casa.

Avaliación mensual. Posta en común, dentro do proceso de auto avaliación dos membros do departamento, dos adiantos e dificultades dos decentes co alumnado, o seu interese pola materia e a súa progresiva independencia no seu desenvolvemento, así como o correcto seguimento da programación.

Avaliación Trimestral: Celebración das audicións da avaliación no que se refire a todos os progresos técnicos e musicais do alumnado así como as súas carencias.

Avaliación final do curso: Comprobación e certificación de que o alumnado cumpriu os obxectivos e contidos mínimos da programación do curso no que se atopa.

A avaliación será levada a cabo polo profesor de forma individual a través de:

La observación directa y sistemática do traballo semanal en clase.

Unha audición trimestral na que se interpretará algunha das pezas traballadas na clase.

Caderno de notas persoais do profesor.

Proba de Aula bimestral, na que se tocaran os estudos e obras traballados na aula, e levando un rexistro en audio do alumnado.

Asistencia ás actividades programadas polo centro. Gravacións e análise crítico das mesmas nas que avaliar positivamente a evolución do alumnado respecto á interpretación tanto como solista como membro dun grupo (cámara, conxunto, orquestra, banda etc.).

Criterios de cualificación

A nota será calculada mediante as notas parciais atendendo aos distintos aspectos avaliáveis, e seguindo as seguintes porcentaxes:

Criterios técnicos: 45%

Criterios estéticos: 45%

Criterios actitudinais: 10%

- Trae o Material
- Atención as explicacións
- Actitude correcta na clase

6.10.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

O igual que ocorre coa metodoloxía, os procedementos que se van a empregar en cada curso, vanse a rexer segundo os procedementos expostos ao principio da programación, sendo así unha avaliación na que se fará fincapé nun seguimento sistemático do alumnado dende o primeiro día de curso ata o último, a través de recursos teóricos como a explicación de determinados exercicios e a súa posta en práctica por parte do profesor e posteriormente por parte do alumnado ata conseguir os obxectivos esixidos para cada curso.

Naqueles casos nos que observemos deficiencias, o titor poderá realizar clases de reforzo, asistencia a clases doutros compañeiros de nivel similar, información máis continua cos titores do alumnado.

Probas extraordinarias de Xuño

De xeito xeral, o alumnado que non superara a convocatoria ordinaria, terá que interpretar as pezas, estudos... que se lle indicarán no Informe de Avaliación Negativa, que se entregará xunto ao Boletín de Notas e/ou se envía por Centros Net e/ou adxunta ao Boletín de Cualificacións.

6.10.5 Recursos didácticos orientativos

Estudos , Métodos e Exercicios

J. Bradetich. Technical Exercises (Ed Music for all to hear Inc)

F. Petracchi. Simplified higher technique (Ed Yorke)

E. Levinson. The School of Agility (Ed C. Fischer)

Storch- Hrabé 57 Studies Volumen II (Ed Imc)

Repertorio Orquestral

Mabmann-Reinke. **Porbespiel Kontrabass** (Ed Schott)

Beethoven. Sinfonía 9

Scubert. Sinfonía 9 (3. und 4 Satz)

Verdi, Solos *Rigoletto e Othello*

Strauss, *Ein Heldenleben*

Wagner, *Die Walküre*

O. Zimmerman Double bass Parts Mahler Symphonies (Ed O.G Zimmermann)

Contrabaixo Só

S.García. The Transience of Life (Ed Recital Music)

E. Tabakov. Motivy (Ed Yorke)

T.Hauta-aho. Erkon (Ed Recital Music)

Obras con Piano

A.Misek Legende (Ed Cefes)

G.Bottesini Elegia D- dur (Ed Deutscher verlag)

G.Bottesini Elegia E- Moll (Ed Deutscher verlag)

G.Bottesini Reverie (Ed Imc)

Z.Kodály Epigramas(Ed Musica Budapest)

Sonatas e Concertos

K.V Dittersdorf Konzert e-dur (Ed Schott)

S. Koussevitzky Concerto opus 3 (Ed Imc)

G.F Händel Sonata in G minor (Ed Imc)

F.A Hoffmeister Concerto E-Flat Major (Ed Deutscher Verlag)

D.Dragonetti-Nanny. Concerto in A major (Ed Imc)

7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

“O Seguimento da Programación realizarase, como mínimo, unha vez ao mes nas reunións de Departamento no que será un dos puntos do día de ditas reunións.

Para a realización da Homoxeneización, antes de entregar a Programación, o profesorado da mesma materia acordarán os diferentes Criterios de Cualificación, así como o seu nivel de concreción, que se verá reflexado na correspondente Programación Didáctica.

O proceso de Calibración realizarase naqueles casos nos que exista mais profesorado por asignatura e mesmo nivel educativo:

□ Nas especialidades instrumentais, o diferente profesorado comunicarán con tempo suficiente as datas das Audicións, Probas de Aula ou todas aquelas actividades que poidan servir para a realización da Calibración. A posta en común dos resultados, conclusións, axustes... poderán levarse a cabo nas diferentes Reunións de Departamento e/ou sesións de Avaliación.”

Os instrumentos de avaliación que se utilizarán son os seguintes:

Observación sistemática. A avaliación é sempre un proceso continuo de constatación e valoración dos resultados do aprendizaxe. A avaliación, como proceso aberto e dinámico, constitúe unha base permanente da planificación do traballo. A observación sistemática realízase de forma preconcebida e programada a través de documentos que o profesor pode utilizar para anotar indicacións sobre a conduta do alumnado durante ou despois de cada clase. Documentos de este tipo son, por exemplo, os diarios da clase e os rexistros anecdóticos.

Unha consecuencia directa do anteriormente exposto é a imprescindible asistencia do alumnado as clases, tanto individuais como colectivas, pois do contrario non é posible un seguimento sistemático do desenrolo do alumnado, esencial para a súa correcta avaliación.

Probas prácticas. Para a avaliación do proceso de aprendizaxe musical hai que ter en conta as características da música. Sen dúbida algunha, os coñecementos teóricos, históricos e culturais poden ser avaliados facilmente por diversos instrumentos de avaliación. Pero non hai que obviar que gran parte da aprendizaxe musical só pode avaliarse a partir da execución e da interpretación. Para isto, o profesorado da especialidade de contrabaixo organizarán, ao largo do curso, audicións, probas e concertos, todos de carácter público, co fin de que o alumnado poidan demostrar a asimilación e o desenrolo dos contidos técnicos e musicais, tocando sos, en grupo ou acompañados de piano ou outro instrumento.

Prevese aquí a posibilidade de facer coincidir algunhas destas actividades coas organizadas por outro profesorado de especialidades afines para a súa celebración conxunta, co fin de motivar o acercamento entre o alumnado e a unificación de criterios entre o profesorado, así como o intercambio de puntos de vista e experiencias.

Proporase o alumnado un mínimo dunha participación neste tipo de actividades por curso, e consideraranse tales actividades como un importante elemento máis a hora de avaliar ao alumnado.

Otras. A verbalización permítenos saber o que o alumnado pensan e saben, a través das súas preguntas e intervencións na clase, de postas en común e debates ou de entrevistas persoais. Outros elementos que poden servir para avaliar o alumnado e o

análise de producións tales como exposicións orais sobre un tema concreto, investigacións dirixidas, así como a súa participación en actividades extraescolares diversas.

O seguimento da Programación deberá ser a lo menos mensual a través dos medios que considere oportuno o docente, ben na reunión de Departamento, a través dun libro do profesor ou outro medio alternativo. Tódalas aquelas incidencias, modificacións... que sexan necesarias serán revisadas nas seguintes programacións e quedarán constancia delas nas diferentes reunións de Departamento e reflexadas na Memoria Final do Departamento.

8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Despois de cada Avaliación, na seguinte reunión de Departamento, destacaranse aqueles apartados que sexan de interese e que poidan afectar ao funcionamento do mesmo a través dos datos resultantes das Avaliacións.

9. ANEXOS

9.1 Probas de acceso 1º de grao profesional

9.1.1. Contidos.

- Afianzamento das tres primeiras posicións, cambios de posición e introdución as posicións máis altas.
- Demostración dos golpes de arco coñecidos: legato, detaché, martelé, staccato.
- Iniciación ao vibrato.
- Calidade sonora acorde ao curso.
- Colocación e hixiene postural correcta.

9.1.2. Criterios de avaliación

- Amosar un nivel instrumental e musical que se corresponda cos obxectivos e contidos do curso inmediatamente anterior ó que se presenta.
- Adoptar unha posición corporal axeitada con respecto ao instrumento.

- Utilizar un esforzo muscular axeitado, mostrando un grao de control motriz natural.
- Conseguir unha calidade e proxección do son acorde co nivel do curso ao que se accede.
- Interpretar de memoria polo menos unha das obras da proba.
- Permanecer concentrado no desempeño da actividade durante a interpretación na proba de instrumento.
- Acadar un axeitado nivel de comprensión musical e demostrar unha intencionalidade expresiva durante a interpretación.
- Ter presentado na proba conciencia das características estilísticas na interpretación do repertorio.

9.1.3. Criterios de cualificación.

A nota será calculada mediante as notas parciais atendendo aos distintos aspectos avaliáveis, e seguindo as seguintes porcentaxes:

Criterios técnicos:50%

Criterios estéticos: 50%

9.1.4. Obras Orientativas

Nanny Estudio pax 18 (Ed A. Ledue)

T.Hauta-aho. 3 Dances for Sophie (Ed Recital Music)

J. Merle. Caballero (Ed C.Fischer)

S.Saëns, El Elefante (Ed .Durand)

Pergolesi. Tre giorni (Ed C. Fischer)

F.Gossec. Gavotte (Ed. C. Fischer)

9.2 Probas de acceso a outros cursos.

Probas de Acceso de 2ª a 4ª G.E.

As probas constarán de dous exercicios, que terán carácter eliminatorio, e consistirán en:

a) Interpretación no instrumento de dúas obras de libre elección e unha obra ou exercicio a primeira vista proposto polo tribunal. O nivel das obras deberá corresponder, cando menos, ao curso anterior ao que se opte, segundo os contidos que aparezan na presente programación didáctica. Nesta proba, se algunha das obras do repertorio elixido

polo aspirante require instrumentistas acompañantes, estes non serán, en ningún caso, facilitados polo conservatorio.

b) Exercicio teórico-práctico para avaliar a capacidade auditiva e vocal, así como os coñecementos de linguaxe musical (consultar as Programacións de Linguaxe Musical e Educación Auditiva)

Contidos 2 GE

- Lectura da clave de Fa.
- Traballo de todas as formacións dos dedos da man esquerda en primeira posición.
- Coñecemento e manexo básico dos golpes de arco e a súa aplicación nas escalas, estudos e obras: detaché, martelé, legato e staccato. Correcta distribución do arco e aplicación de distintas articulacións.
- Ampliación dos recursos musicais e expresivos.
- Exercicios preparatorios para o cambio de posición e o vibrato.
- Comprensión e aplicación dos distintos termos musicais que aparecen no repertorio traballado(a tempo, da capo, dolce, tempo I...).
- Exercicios para o control básico da afinación coas cordas ao aire, utilizando o unísono e os intervalos de 3^a, 4^a y 6^a
- Exercicios para o movemento vertical, horizontal e transversal dos dedos da man esquerda.
- Control do desprazamento do arco sen contacto coa corda.

Contidos 3º GE

- Lectura da clave de Fa..
- Traballar ata o dominio da man esquerda.
- Iniciación ao cambio de posicións (2^a e 3^a).
- Escalas e arpéxeos incluíndo cambios de posición.
- Desenrolo da velocidade da man esquerda. Exercicios para a articulación e independencia dos dedos da man esquerda. Iniciación ao trino.
- Control dos extremos do arco: talón e punta.
- Iniciación ao vibrato.
- Ampliación dos recursos dinámicos e expresivos.
- Iniciación as dobres cordas.

- Ampliación dos golpes de arco: iniciación no spiccato.
- Lectura a primeira vista.
- Interpretación de pezas a só, dúos, pezas en grupo e con acompañamento de piano.
- Exercicios básicos de cromatismo.
- Exercicios de cambios de corda ligados e soltos, continuos e alternos.

Proba a 4º. G.E

As probas constarán de dous exercicios, que terán carácter eliminatorio, e consistirán en:

a) Interpretación no instrumento de dúas obras de libre elección e unha obra ou exercicio a primeira vista proposto polo tribunal. O nivel das obras deberá corresponder, cando menos, ao curso anterior ao que se opte, segundo os contidos que aparezan na presente programación didáctica. Nesta proba, se algunha das obras do repertorio elixido polo aspirante require instrumentistas acompañantes, estes non serán, en ningún caso, facilitados polo conservatorio.

b) Exercicio teórico-práctico para avaliar a capacidade auditiva e vocal, así como os coñecementos de linguaxe musical (consultar as Programacións de Linguaxe Musical e Educación Auditiva)

Contidos 4º GE

- Afianzamento das tres primeiras posicións, cambios de posición e introdución as posicións máis altas.
- Perfeccionamento dos golpes de arco coñecidos: legato, detaché, martelé, staccato.
- Ampliación no traballo de dobres cordas.
- Ampliación no traballo de harmónicos.
- Notas de adorno e trinos.
- Desenrolo da lectura a primeira vista, memorización, lectura noutras claves.
- Interpretación de pezas a só, a dúo, en grupo, con acompañamento de piano, adecuadas a este nivel.
- Exercicios de articulación da man esquerda en legato e con velocidade.
- Control e desenrolo das articulacións.
- Control dos distintos recursos expresivos: vibrato, glissando, portamentos, ataques, etc.

- Traballo no son ben timbrado e expresivo.
- Asimilación dos conceptos: punto de ataque e contacto, velocidade e presión, punto de equilibrio...

Criterios de avaliación

- Amosar un nivel instrumental e musical que se corresponda cos obxectivos e contidos do curso inmediatamente anterior ó que se presenta.
- Adoptar unha posición corporal axeitada con respecto ao instrumento.
- Utilizar un esforzo muscular axeitado, mostrando un grao de control motriz natural.
- Conseguir unha calidade e proxección do son acorde co nivel do curso ao que se accede.
- Interpretar de memoria polo menos unha das obras da proba.
- Permanecer concentrado no desempeño da actividade durante a interpretación na proba de instrumento, demostrando seguridade e control da situación.
- Acadar un axeitado nivel de comprensión musical e demostrar unha intencionalidade expresiva durante a interpretación.

Criterios de cualificación.

A nota será calculada mediante as notas parciais atendendo aos distintos aspectos avaliados, e seguindo as seguintes porcentaxes:

Criterios técnicos: 45%

Criterios estéticos: 40%

Lectura primeira vista: 15%

Probas de Acceso de 2º a 6º G.P.

Deberá interpretar tres obras, e como mínimo, unha delas con acompañamento de Piano, sendo esta responsabilidade do examinado de aportalo.

Consultar, na presente programación, o correspondente ao curso anterior ao que se aspira e o resto de programacións das materias do curso ao que desexa presentarse segundo marca a normativa (Linguaxe Musical, Conxunto, Orquestra...)

Criterios de avaliación

- Amosar un nivel instrumental e musical que se corresponda cos obxectivos e contidos do curso inmediatamente anterior ó que se presenta.

- Adoptar unha posición corporal axeitada con respecto ao instrumento.
- Utilizar un esforzo muscular axeitado, mostrando un grao de control motriz natural.
- Conseguir unha calidade e proxección do son acorde co nivel do curso ao que se accede.
- Interpretar de memoria polo menos unha das obras da proba.
- Permanecer concentrado no desempeño da actividade durante a interpretación na proba de instrumento, demostrando seguridade e control da situación.
- Acadar un axeitado nivel de comprensión musical e demostrar unha intencionalidade expresiva durante a interpretación.
- Ter conciencia das características estilísticas na interpretación do repertorio presentado na proba.

Contidos 2º GP

- Estudo sistemático de escalas, arpéxeos e dobres cordas.
- Profundar no afianzamento técnico dos cambios de posición e os golpes de arco.
- Ampliar as nocións de fraseo, son e vibrato mediante estudos e obras axeitadas.
- Coñecemento básico do repertorio de diferentes períodos estilísticos, e as súas características principais.
- Aplicación dos coñecementos adquiridos á interpretación de obras axeitadas a este nivel

Contidos 3º GP

- Desenrolo do estudo sistemático de escalas e arpéxeos, mesturado co estudo de golpes de arco, dobres cordas, desenrolo da velocidade, legato e calidade de son.
- Aplicación dos recursos técnicos á interpretación de diferentes obras segundo ou período ó que pertencen.
- Traballo de repertorio de diferentes estilos, destacando as súas características principais. Traballo sobre música de cámara (preferentemente do repertorio a traballar na asignatura de música de cámara)
- Aplicación dos coñecementos adquiridos á interpretación de obras axeitadas a este nivel.

Contidos 4º GP

- Desenrolo do estudo sistemático de escalas e arpéxeos, mesturado co estudo de golpes de arco, dobres cordas, desenrolo da velocidade, legato e calidade de son.
- Aplicación dos recursos técnicos á interpretación de diferentes obras segundo o período ó que pertencen.
- Traballo de repertorio de diferentes estilos, destacando as súas características principais. Traballo sobre música de cámara (preferentemente do repertorio a traballar na asignatura de música de cámara)
- Aplicación dos coñecementos adquiridos á interpretación de obras axeitadas a este nivel.

Contidos 5º GP

- Perfeccionamento dos diferentes aspectos dá técnica (tipo de son, golpes de arco, vibrato, dixitacións) e capacidade de aplicación ó estudo dos diferentes estilos musicais e as súas peculiaridades, para poder abarcar a totalidade dos problemas técnicos e musicais que poden aparecer nas obras do repertorio solista, orquestral e camerístico.
- Dar a coñecer o repertorio do período clásico, romántico e do século XX, mediante a interpretación, audición e análise de diferentes obras.
- Desenrolo da lectura a primeira vista e traballo sobre fragmentos orquestrais (preferentemente do repertorio a traballar na materia de orquestra)..
- Aplicación dos coñecementos adquiridos á interpretación de obras axeitadas a este nivel.

Contidos 6º GP

- Perfeccionamento dos diferentes aspectos dá técnica (tipo de son, golpes de arco, vibrato, dixitacións) e capacidade de aplicación ó estudo dos diferentes estilos musicais e as súas peculiaridades, para poder abarcar a totalidade dos problemas técnicos e musicais que poden aparecer nas obras do repertorio solista, orquestral e camerístico.
- Dar a coñecer o repertorio do período clásico, romántico e do século XX, mediante a interpretación, audición e análise de diferentes obras.

- Aplicación dos coñecementos adquiridos á interpretación de obras axeitadas a este nivel.

Criterios de cualificación.

A nota será calculada mediante as notas parciais atendendo aos distintos aspectos avaliáveis, e seguindo as seguintes porcentaxes:

Criterios técnicos: 50%

Criterios estéticos: 50%

9.3 Criterios para a obtención dos premios fin de grao.

Poderán presentarse todo aquel alumnado do Conservatorio Profesional Xan Viaño que finalizaran 6º de Grao Profesional cunha cualificación media de 8 ou máis, e que non teñan ningunha materia pendente do curso anterior.

O concurso terá lugar ante un tribunal de tres membros único para todos os candidatos, non podendo ser membros deste tribunal aqueles profesores que o foran dos candidatos no presente curso.

Os candidatos interpretarán unha obra ou obras dun nivel axeitado á categoría da proba. Os candidatos presentarán tres copias de cada obra ao tribunal.

O tribunal, proposto pola dirección do centro, será publicado con antelación no taboleiro de anuncios do centro, así como os horarios exactos de celebración do concurso.

Os candidatos terán que aportar o seu pianista nas especialidades que así o precisen.

terán que aportar o seu pianista nas especialidades que así o precisen.

Tanto a selección como posibles concertos derivados desta convocatoria poderán ser gravados polo centro e empregados con fins pedagóxicos.

O tribunal terá plena liberdade para interromper a interpretación do candidato cando o considere oportuno. A duración de cada intervención non superará os 20 minutos, e terá unha duración mínima de 15.

Criterios de avaliación

- Interpretar as obras amosando o control técnico do instrumento. Con este criterio comprobarase que o alumnado demostra unha excelente capacidade e control técnico pleno do instrumento e valorarase segundo os seguintes indicadores:

Dificultade do repertorio.

Control do ritmo e medida das figuras.

Claridade e igualdade de dixitación.

Calidade do son.

- Interpretar as obras con coherencia no estilo interpretativo en concordancia coa estética das mesmas. Con este criterio valorarase o estilo interpretativo do alumnado mediante os seguintes indicadores:

Aplicación das articulacións segundo o estilo da obra.

Adecuación sonora aos diferentes estilos

Adaptación das dinámicas a cada estilo de interpretación

Corrección na execución dos ornamentos

- Interpretar as partituras con rigor e calidade respecto a movementos, notas e tempos. Con este criterio se comprobará o rigor do alumnado na interpretación das obras que se valorará mediante os seguintes indicadores:

Respecto dos aires e movementos.

Fidelidade das indicacións agónicas e dinámicas contidas na partitura.

Exactitude na exposición das notas.

- Amosar as dotes artísticas e a unha excepcional capacidade de comunicación musical. Con este criterio valorarase a interpretación artística do alumnado mediante os seguintes indicadores:

Capacidade de comunicación musical.

Concentración ao longo do recital.

9.4 A clase Colectiva

A clase colectiva cumpre funcións educativas fundamentais, como son o desenvolvemento da personalidade, a socialización e a transmisión de saberes. Entre os obxectivos do grao elemental de música menciónase a capacidade de “apreciar a importancia da música como linguaxe e medio de expresión dos pobos e das persoas” e tamén de “interpretar música en grupo, habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos e a adaptarse equilibradamente o conxunto”.

Dende o punto de vista psicolóxico, a clase colectiva serve para espreitar unha motivación lúdica entre o alumnado. En xeral, é máis estimulante e divertida que unha clase individual. Isto contribúe á socialización e o crecemento persoal do alumnado, que servirá para evitar inhibicións e desenrolar neles seguridade, autonomía e liberdade.

A clase colectiva cumpre algunhas funcións musicais puramente técnicas, derivadas da concertación. Ao facer música en grupo, mellórase a capacidade de sincronización rítmica, así como a precisión na afinación.

Por último, a música fomenta o crecemento ético das persoas, posto que impón unhas normas de convivencia e comportamento. A clase colectiva debe estar vinculada o traballo individual e deberá estar integrado nun proxecto común, suxeito a unha disciplina de conxunto; esta disciplina consiste en respectar o silencio, escoitar aos demais, intervir construtivamente no traballo de equipo e asumir a parte de responsabilidade que cada un ten no resultado final.

Isto significa a adquisición duns hábitos, actitudes, valores e normas fundamentais para a actividade musical, pero tamén para o desenrolo de relacións harmoniosas cos demais e da capacidade de interpretar e resolver situacións as que tenderá un que enfrontarse na vida adulta.

Esta clase non é obrigatoria ni penalizada para o alumnado que por algún motivo non puideran realizala; pode computar á hora da nota para todo o alumnado que participe pero non pode prexudicar ao que non asiste.

Obxectivos xerais da clase colectiva.

- a) Desenrolar a comprensión e interpretación dos elementos básicos da expresión musical a través do traballo en grupo.
- b) Desenrolar e aplicar a audición polifónica para a escoita e a interpretación simultáneas.
- c) Aplicar e desenrolar a técnica individual no traballo en grupo.
- d) Valorar as normas que rexen a actividade de conxunto e a responsabilidade que se contrae nunha tarefa colectiva.
- e) Enriquecer a cultura musical a través dun repertorio específico que só pode executarse dentro dun grupo.
- f) Facer da práctica da música en grupo unha actividade habitual, organizada, grata e totalmente integrada no proceso de aprendizaxe do alumnado.
- g) Inculcar respecto e aprecio polos valores propios do traballo colectivo, tanto nos seus aspectos sociais e organizativos como afectivos.

Contidos xerais da clase colectiva.

- a) Coñecemento en conxunto das características e posibilidades sonoras dun grupo de instrumentos, en este caso contrabaixos, e saber utilizalas dentro das esixencias dos niveis do grao elemental.
- b) Estudo conxunto dunha sensibilidade auditiva que permita a unión e conexión sonora de todo o grupo instrumental.
- c) Audicións comentadas para a iniciación o mundo da música e dos instrumentos.
- d) Métodos de aprendizaxe para unha maior facilidade no exercicio da memoria.
- e) Exercitar a capacidade de escoitar e tocar o mesmo tempo, favorecendo a adaptación ao conxunto sonoro.
- f) Actividades destinadas a fomentar a improvisación e a creatividade.
- g) Actividades de apoio ao aprendizaxe da lectura na clave de Fa 4 e aos aspectos do linguaxe musical.
- h) Apoio ao estudio de aspectos técnicos traballados na clase individual.
- i) Práctica de situacións parecidas a concertos ou audicións, para familiarizar o alumnado coa situación de tocar ante o público.

9.5 Segundo Instrumento

Obxectivos

- Coñecer o instrumento, as súas posibilidades e papel nos distintos tipos de música.
- Coller o instrumento cunha boa posición, apoiando o peso do corpo nos dous pés.
- Aprender a coller e pasar o arco correctamente; papel do brazo dereito e dos dedos da man dereita; cambio do arco; cambios de corda. Pizzicato.
- Coñecer as distintas zonas do arco. Iniciación ós golpes de arco: detaché, legato.
- Colocar ben a man esquerda; función dos dedos; papel do pulgar; peso do brazo.
- Coñecer e traballar a primeira posición. Explorar todo o rexistro do instrumento.
- Practicar movementos básicos de preparación para o cambio de posición.
- Controlar a afinación. Aprender a afinar o instrumento con sons de referencia.
- Tocar pequenas pezas con musicalidade, de acordo co nivel.
- Traballar a lectura a primeira vista. Desenvolver a memoria musical.
- Improvisar como medio de desenvolver a creatividade.
- Interpretar en público un repertorio acorde co nivel.

- Traballar en conxunto, mostrando unha actitude participativa.
- Reforzar, neste curso, a lectura na clave de fa.

Contidos

- Introducción; audicións destinadas a dar a coñecer o papel do contrabaixo na música sinfónica, de cámara e de jazz, así como o repertorio solista.
- Clave de Fa en 4º
- Forma de coller o instrumento.
- Posición da man esquerda. Función da man, dedos e brazo.
- Forma de coller o arco; exercicios de toma do arco. Exercicios en cordas ó aire.
- Como pasar o arco; papel do brazo dereito; cambio de corda; preparación.
- Afinación do instrumento.
- Primeira posición. Colocación dos dedos; traballo de diversas pezas.
- Detaché; partes do arco; recuperación do arco. Exs. de ligaduras. Exs. en pizzicato.
- Coordinación da man esquerda e do brazo do arco.
- Exercicios de improvisación e lectura a primeira vista.
- Partes do instrumento e do arco. Mantemento, accesorios, etc..
- Audicións.

Avaliación

Criterios de avaliación

- Saber tocar as seguintes escalas co seu respectivo arpéxao maior: Si bemol, Fa Maior, Sol Maior e Re Maior (unha oitava), combinando golpes de arco e ritmos sinxelos.
- Tocar pezas sinxelas na primeira formación dos dedos da man esquerda a solo ou con acompañamento de piano e en grupo.
- Conseguir memorizar unha pequena peza ou fragmento e realizar unha lectura a primeira vista de maneira apropiada ao nivel.

Mínimos esixibles

Considéranse criterios mínimos esixibles ao 75% dos contidos

Procedementos e ferramentas de avaliación

Ao longo do curso se avaliará o alumnado cos diferentes tipos de avaliacións: **inicial**, para coñecer o nivel do alumnado no curso que comeza; **continua** ou sumativa, ao longo

do curso segundo a súa evolución actitude e interese en cada unha das clases, audicións ou actividades; e **final**, onde se terá en conta toda a súa evolución.

Os instrumentos de avaliación que se utilizarán son os seguintes:

a) Observación sistemática. A avaliación é sempre un proceso continuo de constatación e valoración dos resultados do aprendizaxe. A avaliación, como proceso aberto e dinámico, constitúe unha base permanente da planificación do traballo. A observación sistemática realízase de forma preconcebida e programada a través de documentos que o profesor pode utilizar para anotar indicacións sobre a conduta do alumnado durante ou despois de cada clase. Documentos de este tipo son, por exemplo, os diarios da clase e os rexistros anecdóticos.

Unha consecuencia directa do anteriormente exposto é a imprescindible asistencia do alumnado as clases, tanto individuais como colectivas, pois do contrario non é posible un seguimento sistemático do desenvolvemento do alumnado, esencial para a súa correcta avaliación.

b) Probas prácticas. Para a avaliación do proceso de aprendizaxe musical hai que ter en conta as características da música. Sen dúbida algunha, os coñecementos teóricos, históricos e culturais poden ser avaliados facilmente por diversos instrumentos de avaliación. Pero non hai que obviar que gran parte da aprendizaxe musical só pode avaliarse a partir da execución e da interpretación. Para isto, os profesores da especialidade de contrabaixo organizarán, ao longo do curso, audicións, probas e concertos, todos de carácter público, co fin de que o alumnado poidan demostrar a asimilación e o desenvolvemento dos contidos técnicos e musicais, tocando sos, en grupo ou acompañados de piano ou outro instrumento.

Prevese aquí a posibilidade de facer coincidir algunhas destas actividades coas organizadas polos outros profesores de especialidades afines para a súa celebración conxunta, co fin de motivar o acercamento entre o alumnado e a unificación de criterios entre os profesores, así como o intercambio de puntos de vista e experiencias.

Proporase o alumnado un mínimo dunha participación neste tipo de actividades por curso, e consideraranse tales actividades como un importante elemento máis a hora de avaliar o alumnado.

c) Outras. A verbalización permítenos saber o que o alumnado pensan e saben, a través das súas preguntas e intervencións na clase, de postas en común e debates ou de

entrevistas persoais. Outros elementos que poden servir para avaliar o alumnado e o análise de producións tales como exposicións orais sobre un tema concreto, investigacións dirixidas, así como a súa participación en actividades extraescolares diversas.

Criterios de cualificación

A nota será calculada mediante as notas parciais atendendo aos distintos aspectos avaliados, e seguindo as seguintes porcentaxes:

Criterios técnicos: 45%

Criterios estéticos: 45%

Criterios actitudinais: 10%

- Trae o Material
- Atención as explicacións
- Actitude correcta na clase

Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

O igual que ocorre coa metodoloxía, os procedementos que se van a empregar en cada curso, vanse a rexer segundo os procedementos expostos ao principio da programación, sendo así unha avaliación na que se fará fincapé nun seguimento sistemático do alumnado dende o primeiro día de curso ata o último, a través de recursos teóricos como a explicación de determinados exercicios e a súa posta en práctica por parte do profesor e posteriormente por parte do alumnado ata conseguir os obxectivos esixidos para cada curso.

Naqueles casos nos que observemos deficiencias, o titor poderá realizar clases de reforzo, asistencia a clases doutros compañeiros de nivel similar, información máis continua cos titores do alumnado.

Probas extraordinarias de Xuño

O alumnado que suspendan a convocatoria de Maio teñen dereito a unha proba extraordinaria en Xuño. Nesta proba extraordinaria non se poderán ter en conta os criterios de cualificación actitudinais, sino que se cualificará cos criterios técnicos e estéticos do curso cunha porcentaxe de 60% e 40% respectivamente. As obras a interpretar na mesma serán notificadas o alumnado no seu correspondente informe de avaliación negativo, entregado xunto co boletín de notas ou enviado a través da

plataforma Centros-Net. En caso de dúbida o alumno deberá consultar ao profesor correspondente.

Recursos didácticos orientativos

Métodos

J.Robles. Guía técnica de Contrabajo-Grado Elemental (Ed. J. Robles)

Rolland, P.: Young Strings in Action. Boosey & Hawkes.

Suzuki: Suzuki Contrabaixo School. Warner Bros Publ. Inc.

Libros de Repertorio

C.Emery, Bass is Best (Ed. Yorke)

K. Hartley. Double Bass solo (Ed. Oxford University Press)

E. Jolliffe, Four fun pieces for beginner bass (Ed . Recital Music)

I. Grimalt . Baix Contrabaix (Ed Boileu)

J.Marcó. Contrabajo para niños (Ed J.Marcó) .